



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BOS AIRES (ARXENTINA), PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS.

Bos Aires, 2 de xullo de 2016

REUNIDOS



Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 255/2012, do 20 de decembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, o **Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires (Arxentina)**, entidade representada neste acto polo seu presidente D. Bernardo Rey González, con poder dabondo para comprometerse neste acto, consonte ao establecido nos Estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.



TERCEIRO.- En Bos Aires (Arxentina) reside unha amplísima colonia de galegos e de seus descendentes que están a sufrir unha situación de crise socio económica que xera un deterioro do nivel de vida dos seus cidadáns, que se está a agravar no sector de poboación de maior idade debido a falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.

CUARTO.- O Hogar Gallego para Ancianos, constitúese como unha entidade benéfica fundada o 29 de xuño de 1943, destinada aos galegos nativos, anciáns, desamparados de familiares que non necesiten indispensablemente ser atendidos en establecementos sanitarios. Ten recoñecida a galeguidade con data do 12 de novembro de 1987.

Esta entidade asumiu como unha das súas actividades primordiais a prestación de atención social aos emigrantes galegos e aos seus descendentes residentes na Arxentina, en especial na cidade de Bos Aires (Arxentina) e municipalidades limítrofes, que se atopen en situación de necesidade, debido as circunstancias socio económicas nas que viven. O Hogar, constitúe un dos centros galegos de maior importancia de Bos Aires, tanto polo número de persoas que acolle como pola importancia dos programas de todo tipo que realiza en favor das persoas da terceira idade de orixe galega residentes en Bos Aires.

Conta cunha residencia de anciáns cunha capacidade para cen residentes, na que se acolle a emigrantes ou descendentes, especialmente procedentes de Galicia, xa que mais do 80% dos usuarios son galegos. A día de hoxe, esta institución está a desenvolver un destacado e insustituíble labor socio asistencial coa que trata de facer efectiva a mellora da calidade de vida dos anciáns pertencentes á colectividade galega emigrante.

QUINTO.- A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Arxentina, que por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galègos residentes no Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires que por razón de idade e/ou circunstancias socio familiares, residan en dito centro.

SEGUNDA.- PLAN DE ACTUACIÓN.

Para a consecución do obxecto deste convenio colaborárase no financiamento do programa de atención aos cidadáns galegos residentes no Hogar Gallego para Ancianos, mediante a contribución aos gastos de funcionamento da residencia de maiores.

En execución deste convenio o Hogar Gallego para Ancianos comprométese a:

- Proporcionar prestacións de atención residencial os cidadáns galegos ingresados no Hogar Gallego para Ancianos .
- Realizar actuacións en prevención sanitaria e proporcionarlles medicamentos e outro material xeriátrico, en caso de necesidade.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

TERCEIRA.- BENEFICIARIOS

Os destinatarios destes programas serán persoas de orixe galego e os seus descendentes ata segundo grao, con nacionalidade española e residentes en Bos Aires (Arxentina) e que por razóns de idade, estado físico e situación de carencia, residan no Hogar Gallego para Ancianos.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES

1. A **Secretaría Xeral da Emigración**, para o financiamento das actuacións previstas neste convenio achegará **trinta mil euros (30.000 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, para gastos de funcionamento da residencia de maiores.

Esta contía estará destinada a sufragar os gastos correntes xerados pola realización da actividade prevista, tales como a contratación de persoal, gastos de funcionamento regular da residencia, na medida na que contribúan ao cumprimento do obxecto do convenio (gastos de luz, auga, teléfono) e todos aqueles de similar natureza.



2. O Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires, asegurará a realización das prestacións establecidas neste convenio, para o que se compromete a:

- Dotar a residencia do equipamento e persoal especializado necesario para o seu correcto funcionamento.

- Prestar os servizos obxecto do convenio nos termos establecidos nel e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.

QUINTA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Trala sinatura deste convenio, procederase a efectuar, en concepto de pago anticipado, unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas neste, atendendo o disposto no artigo 63.1. Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e por unha contía de **quinze mil seiscientos euros (15.600 €)**.

Logo da xustificación do pago anticipado, poderanse realizar pagamentos fraccionados á conta das liquidacións definitivas e a medida que o beneficiario xustifique a realización das accións previstas neste convenio. Estes pagamentos e o total do anticipo, en base o disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, non superarán o 80% da subvención concedida. O importe restante, librarase no momento en que o beneficiario xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

Os pagamentos efectuaranse contra certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, xunto coa documentación xustificativa dos gastos realizados expedidas polo representante do Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires, logo da conformidade do secretario xeral da Emigración.

Con esta certificación, achegarase a seguinte documentación:

1.- Para a xustificación dos gastos de funcionamento da residencia de maiores:

Relación dos gastos das actividades e servizos prestados (en caso de gastos de persoal, deberán presentarse as nóminas e a relación das funcións que realizan). A esta relación engadiránselle os documentos xustificativos dos gastos realizados. A estes efectos, de conformidade co establecido no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. De conformidade co establecido no parágrafo 3 do citado artigo 42, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 €.



Con estas certificacións achegarase a seguinte documentación:

- Memoria comprensiva da execución do programa.

- Relación dos beneficiarios atendidos no Hogar Gallego para Ancianos (esta relación incluírá a data de ingreso, nome e apelido, DNI, data e provincia galega de nacemento). O Hogar Gallego para Ancianos deberá ter a disposición da Xunta de Galicia a documentación que acredite a orixe ou a condición de galego de cada unha das persoas incluídas no programa.

2.- Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

De conformidade co establecido no artigo 65.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

O prazo de xustificación do presente convenio é ata o 15 de outubro de 2016.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

SEXTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

NOVENA.- COMISION DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título II da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles



responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMA.- RELACION LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

Igualmente, e de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia manterá un rexistro de convenios público e accesible, no cal se fará pública a información básica en materia de transparencia, a través do Portal da transparencia e goberno aberto. Así mesmo, a Secretaría Xeral da Emigración publicará no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos, e publicará a través da súa páxina web <http://emigracion.xunta.gal> a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

As persoas asinantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo podan ser obxecto da devandita publicidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- REXIME XURIDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos



prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo, secretario xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de outubro de 2016, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2016.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN

Antonio Rodríguez Miranda

PRESIDENTE DO HOGAR GALLEGO
PARA ANCIANOS

Bernardo Rey González